




XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**

I.E.S. CASTRO ALOBRE
R/ San Roque, nº 25
36600 Vilagarcía de Arousa
Tfno/Fax: 886151818/886151832
ies.castroalobre.vilagarcia@edu.xunta.es



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN Á SITUACIÓN EDUCATIVA DERIVADA DA COVID-19

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**IES CASTRO ALOBRE
15 DE MAIO DE 2020**

ÍNDICE

1. Obxectivos

2. Actuacións por ámbitos

3. Medios dixitais e telemáticos

4. Información e publicidade.

Tendo en conta a situación educativa deriva da producida pola COVID-19 o Departamento de Orientación procede á adaptación das súa programación, modificando os obxectivos da mesma e as actuación previstas, co obxecto de dar resposta ás novas necesidades.

Procédese á modificación dos obxectivos, das actuacións e dos medios e metodoloxías a empregar.

1.- Obxectivos

► Obxectivos prioritarios comúns aos ámbitos de actuación.

- Formar, no seo do D.O., un equipo de traballo eficaz e funcional coordinando actuacións adaptadas ao ensino non presencial.
- Facilitar ás persoas titoras e ao profesorado xeral, recursos, posibilidades e asesoramento permanente nos ámbitos da orientación, tutoría e atención á diversidade.
- Manter un contacto periódico coas institucións da contorna, especialmente cos Servizos Sociais do Concello
- Enriquecer e apoiar a relación centro-familia en xeral, e persoas titoras-familia en particular.
- Coordinarse co EOE e a Inspección Educativa, de ser necesario durante o período de ensino non presencial, tanto no marco das institucións e accións prioritarias para este curso, como en situacións puntuais relacionadas coa avaliación , intervención
- nas NEAE que, superando as posibilidades do departamento, precisen asesoramento.

► Obxectivos prioritarios na atención á diversidade.

- Colaborar co Equipo Directivo e co conxunto de profesorado na posta en funcionamento das medidas necesarias para asegurar a continuidade e coherencia do proceso educativo ó longo das etapas e en relación coas diferentes áreas e/ou materias.
- Colaborar e supervisar o desenvolvementos das medidas de atención á diversidade que regula o Decreto 229/11, planificadas para o curso 2019-2020.
- Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles NEAE.
- Promover a atención educativa ao alumnado con NEAE, e asegurar unha resposta adaptada as súas características e necesidades.
- Implicar e colaborar coas familias no desenvolvemento das tarefas educativas no fogar, nas actividades de reforzo, recuperación e ampliación de contidos e no procedemento avaliación.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 14	CENTRO: IES CASTRO ALOBRE
----------------------------------------------------------------------------------	-------------------	------------------------------

- Asegurar a coherencia e continuidade da actividade educativa mediante a coordinación coas persoas responsables da orientación nos centros adscritos.

► **Obxectivos prioritarios da orientación académica e profesional.**

Favorecer a asunción do profesorado da súa responsabilidade no relacionado coa orientación profesional e preparación para a vida activa, así como a de fomentar unha cooperación orgánica entre o mundo educativo e o mundo empresarial e institucional do traballo, no marco do Plan de Orientación Profesional.

- Lograr unha actuación educativa conforme o establecido no POAP contribuíndo ao seu desenvolvemento, e desenvolvendo actuacións para facilitarlle ao alumnado a información de xeito non presencial.
- Fixar as liñas prioritarias de actuación para cada etapa, ciclo e curso, que se dirixan ó alumnado, ás familias e á relación co entorno sociolaboral.
- Posibilitar unha orientación e asesoramento individualizado para aquel alumnado que poidan ter dificultades.
- Colaborar na elaboración do Consello Orientador sobre o futuro académico e profesional do alumnado.
- Colaborar na determinación dos itinerarios na ESO, modalidades de Bacharelato e as correspondentes e respectivas optativas.
- Actualizar de xeito continuo a páxina web do departamento de orientación.
- Elaborar guías de orientación para o alumnado de 3º, 4º de ESO e 2º de Bacharelato, coa información académica e profesional máis relevante.
- Fomentar unha orientación educativa e profesional libre de estereotipos de xénero de acordo co Plan de Igualdade do centro.
- Adaptar o plan de transición de Primaria a Secundaria e facilitar o asesoramento a alumnado e familias sobre as materias, materias optativas e proceso de matrícula no centro.

► **Obxectivos prioritarios da acción tutorial.**

Establecer criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción tutorial, adaptada ao ensino non presencial e concretar as liñas de actuación coas persoas titoras.

Revisar o Plan de Acción Tutorial e introducir as modificacións que se consideren oportunas para a súa adaptación ás necesidades do alumnado escolarizado neste curso derivadas da situación producida pola COVID-19

Contribuír a unha acción tutorial funcional, mediante o asesoramento e colaboración coas persoas titoras, establecendo os mecanismos necesarios para o seu desenvolvemento de xeito non presencial

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 14	CENTRO: IES CASTRO ALOBRE
----------------------------------------------------------------------------	----------------	---------------------------

Incidir na necesidade de afondar no benestar emocional do alumnado e dotar ás persoas titoras de materiais para o traballo da educación emocional.

Mellorar a coordinación, seguimento e participación de todas as persoas implicadas, no desenvolvemento das actividades titoriais.

Asesorar para a adaptación da acción titorial, impulsando o seu desenvolvemento.

Favorecer a implicación de todo o profesorado nunha acción titorial compartida , contribuíndo ó seguimento do proceso de ensino- aprendizaxe de xeito individualizado e adaptado á nova situación.

Proporcionar ás persoas titoras e ao profesorado, técnicas e estratexias para facilitar a realización de actividades , a relación co alumnado de cada grupo, a coordinación co profesorado e a intervención coas familias.

Facilitar a labor titorial proporcionando recursos , técnicas , criterios de actuación, asesoramento e, sobre todo , reflexión, debate e intercambio de opinións e experiencias.

2. Accións prioritarias

No referente ás accións prioritarias, téñense en conta as accións que no centro se estiman oportunas e relacionadas cos diferentes ámbitos de intervención, adaptadas á situación actual . Así, as accións prioritarias por ámbitos serán, a nivel xeral:

2.1- Apoio ó proceso de ensino–aprendizaxe . Plan Xeral de Atención á diversidade.

- Planificación e deseño de accións e actuacións destinadas ao seguimento das medidas propostas para o actual curso académico.
- Establecemento de comunicación coas familias, e seguimento do alumnado que presenta NEAE.
- Formulación de propostas á CCP, ó Claustro e ó equipo directivo sobre os criterios organizativos e pedagóxicos para á atención ó alumnado con NEE, durante a situación derivada da COVID-19
- Asesoramento no seguimento e avaliación das adaptacións curriculares significativas.
- Reunións a través da plataforma webex co profesorado titor do alumnado obxecto de medidas de adaptación do currículo profesorado dos diferentes grupos.
- Adaptación dos modelos de informes de seguimento do alumnado que presenta TEA e TDAH á nova situación.
- No relacionado plan de transición de Primaria e Secundaria: recollida de información do alumnado de nova incorporación e coordinación cos departamentos de orientación dos centros adscritos.

- Coordinación coas institucións do entorno, co obxectivo de garantir a conexión e continuidade das colaboracións que se viñan dando en anos anteriores: Centro de Saúde, Servizos Sociais, Asociacións, Servizos de Orientación do ámbito laboral...
- Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinación co Equipo de Orientación Específico, na detección, prevención e compensación das necesidades educativas específicas.
- Colabroación e coordinación na atención, por parte das mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica, ao alumnado que presenta NEAE establecendo canles alternativas adaptadas á nova situación
- Realización de seguimento periódico da evolución académica do alumnado, especialmente co que presenta NEAE.
- Información, daquelas cuestións relevantes relevante para o proceso educativo, ao profesorado que atende ó alumnado obxecto dalgunha medida específica de atención á diversidade e / ou que está a pasar por unha situación complexa, problemática e/ou complicada.
- Información e orientación ás familias do alumnado que presenta NEAE sobre os recursos de apoio existentes e sobre as fórmulas para comunicarse co profesorado.
- Asistencia e participación nas sesións de avaliación.
- Seguimento, avaliación e revisión das medidas adoptadas, conforme aos criterios de avaliación establecidos.
- Valoración e selección do alumnado que se vai incorporar para o curso seguinte ao PMAR.
- Asesoramento ao profesorado no proceso de incorporación de alumnado aos Ciclos de FP Básica.
- Realización dunha avaliación final, análise e reflexión compartida das actuacións realizadas polo DO na atención á diversidade . Incorporación das conclusións e propostas de mellora na Memoria final do DO.

2.2 - Apoio á Orientación Académica e Profesional.

- Coordinación con E. Primaria para facilitar unha orientación académica ó alumnado e ás familias de 6º de primaria de cara ó seu ingreso na ESO.
- Artellar e coordinar o programa de acollida, a través de medios alternativos ao desenvolvemento presencial, para o alumnado de novo ingreso.
- Información a todos os grupos de ESO do sistema de avaliación, promoción e titulación.

- Información académica e profesional adaptada a cada curso-etapa-ensinanza.

→ **ESO:**

- 1º ESO: autocoñecemento e asesoramento sobre o sistema educativo e optatividade na ESO. Consello Orientador
- 2º ESO: autocoñecemento e asesoramento sobre o sistema educativo, itinerarios e optatividade na ESO. Consello Orientador
- 3º ESO: centrarse no asesoramento sobre o sistema educativo: optativas e
- materias en 4º. Consello Orientador
- En 4º da ESO: as actividades organizaranse tendo en conta os seguintes
- bloques: autocoñecemento (intereses profesionais, aptitudes, personalidade, historial académico), opcións académicas e profesionais (ESA, ciclos formativos, bacharelato, universidade, probas de acceso a ciclos, busca de emprego e integración laboral...), toma de decisións e o Consello Orientador.
- Atención personalizada ao alumnado e ás familias.

BACHARELATO:

- Análise dos intereses e motivacións do alumnado e información sobre as diferentes alternativas, co obxecto de favorecer unha toma de decisións o mais acertada posible: **a universidade**; Probas de acceso á universidade, titulacións de grao, accesos, distintos estudos universitarios, ponderacións, notas de corte..., a **Formación Profesional Específica** ; os distintos ciclos formativos, acceso á universidade dende a FP..., a **inserción no mundo laboral**; estratexias para a búsqueda de emprego, fontes de emprego, o autoemprego e a cultura emprendedora..., **Ensinanzas de Réxime Especial e a Formación Complementaria** (cursos, xornadas, idiomas...)
- Atención personalizada ao alumnado e ás familias.

● **CICLO DE FORMACIÓN PRFESIONAL:**

- Promover as reunións para o intercambio da información, coordinación e seguimento no período de FCT dos alumno/as do Ciclo Formativo.
- Facilitar toda a información posible sobre saídas profesionais e posibilidades no entorno laboral.
- Atención personalizada ao alumnado e ás familias.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2019/2020	PÁXINA 6 DE 14	CENTRO: IES CASTRO ALOBRE
----------------------------------------------------------------------------	----------------	------------------------------

Estas actividades estarán dirixidas a promover a relación entre o sistema educativo e o mundo laboral, así como fomentar no alumnado a cultura emprendedora.

O desenvolvemento das actividades do ámbito da orientación académico e profesional para cada un dos niveis educativos, irase concretando a medida que vaia truncando o curso. O alumnado ademais poderá consultar as súas dúbidas individuais no DO, a través dos medios telemáticos habilitados para a situación.

2.3- Apoio ó PAT. Accións encamiñadas ó desenvolvemento do PAT.

O Plan de acción Titorial é un documento susceptible de modificación e que pretende adaptarse, de xeito continuo ás necesidades do alumnado, neste senso, recolleranse as propostas do profesorado titor, para a súa revisión e desenvolvemento, promovendo a súa análise, reflexión e a súa articulación na práctica.

Cando menos, realizaránse as seguintes actuacións:

- Establecemento de liñas de colaboración coas persoas titoras e equipos docentes, para facilitar o desenvolvemento da acción titorial na situación actual e para o seguimento da evolución do alumnado.
- Proposta á xefatura de estudos para a convocatoria de reunións periódicas cos equipos docentes, co obxecto de facilitar a coordinación, análise de necesidades no ámbito da titoría e seguimento dos grupos e das diferentes actuacións.
- Deseño de materiais que favorezan o benestar do alumnado, e o seu coidado e protección durante a situación derivada da COVID-19.
- Para o desenvolvemento do PAT, o departamento de orientación facilitará ás titoras/es o asesoramento e o soporte técnico necesarios para a realización das actividades propostas e a consecución dos obxectivos sinalados.

As liñas de actuación co alumnado serán: educación en valores, a tolerancia, a autoestima, a mellora da convivencia, habilidades sociais, hábitos de estudo e as técnicas de traballo intelectual, uso seguro e responsable das TIC e da Rede, prevención e coidado da saúde, a orientación académico-profesional, cun maior peso no 4º curso da ESO, posto que ó remate ós alumnos /as deberán tomar unha decisión respecto ó seu futuro académico e profesional, recibindo o pertinente Consello orientador.

Dado que este Departamento ten asignada a titoría do curso 1º D, desenvolveranse as actuacións oportunas relacionadas coa atención ao alumnado e ás familias de xeito individualizado, aquelas outras relacionadas coa coordinación do profesorado das diferentes materias, e as propias da acción titorial adaptadas á nova situación.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2019/2020	PÁXINA 7 DE 14	CENTRO: IES CASTRO ALOBRE
----------------------------------------------------------------------------------	-------------------	------------------------------

3.- Medios empregados para o desenvolvemento das actuación e publicidade dos mesmos.

1. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico Plataforma Abalar Cotacto telefónico Eva-edixgal
Publicidade	

- Web do IES: Espazo destinado ao Departamento de Orientación
- <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/taxonomy/term/21>
- Aula Virtual
- <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual2/course/index.php?categoryid=37>
- Contacto telefónico e por correo electrónico corporativo
- Emprego da plataforma Webex para reunións do Departamento e reunións co profesorado titor
- **Creación do blogue do Departamento de Orientación**
<https://orientacioncastroalobre.blogspot.com/>

AULAS VIRTUAIS ESPECÍFICAS

Para a coordinación do Departamento de Orientación

Coordinación Departamento de Orientación

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual2/course/view.php?id=379>

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Correo electrónico e plataforma SIXA para a coordinación co profesorado.
- Contacto telefónico co profesorado, alumnado e familias.
- Blogues Pedagogía Terapéutica
<https://apoiocalobre.blogspot.com/>
<https://ptcastro.blogspot.com/>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2019/2020	PÁXINA 8 DE 14	CENTRO: IES CASTRO ALOBRE
----------------------------------------------------------------------------	----------------	------------------------------

TITORÍA

- Titoría 1º A
EVA- Edixgal: <https://eva.edu.xunta.gal/course/view.php?id=62581>
- Correo electrónico, plataforma SIXA e contacto telefónico continuado
- Coordinación acción tutorial e materiais para as titorías
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual2/course/view.php?id=385#section-0>

ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

- Na aula Virtual preséntanse os seguintes cursos:

Probas de acceso a Ciclo Medio:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual2/enrol/index.php?id=364>

Actualizacións sobre FP

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual2/mod/forum/view.php?id=5989>

Orientación educativa: Aprender a aprender

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual2/mod/forum/view.php?id=5799>

Orientación Educativa: Toma de decisións

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual2/course/view.php?id=319>

Actualizacións ABAU

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/aulavirtual2/mod/forum/view.php?id=5090>

- Actualización continua na web do centro e no blogue
<https://orientacioncastroalobre.blogspot.com/>

En Vilagarcía de Arousa a 15 de maio de 2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2019/2020	PÁXINA 9 DE 14	CENTRO: IES CASTRO ALOBRE
----------------------------------------------------------------------------	----------------	---------------------------

A Xefa do Departamento de Orientación

Ado.: M.ª Ángeles Rego Murias

2. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.